

PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Para realizar este Plan de Atención a Diversidade temos en conta Decreto **8 de setembro de 2021** pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

OBXECTIVOS

- Coñecer as necesidades do alumnado para o axuste da resposta educativa o mais axeitada posible as súas necesidades (que poderán ir modificándose ao longo do curso) indo sempre das medidas menos significativas ás máis significativas.
- Desenvolver ao máximo as capacidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
- Dotar a este alumnado dos recursos necesarios para o seu desenvolvemento autónomo e para a integración social.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE QUE SE CONTEMPLAN NESTE CENTRO

Respecto ao alumnado con **necesidade específica de apoio educativo** dicir que, polo de agora hai 21 na ESO, 2 no bacharelato e 5 na FP básica, que no curso actual están en:

- 21 alumnos/as que saen a PT na ESO, dos cales: 12 mostran dificultades específicas de aprendizaxe, 2 teñen dislexia, 1 ten TEA, 1 funcionamento intelectual límite, 3 incorporación tardía ao sistema educativo español e 2 TDAH.
- 2 alumnos/as no bacharelato: 1 ten deficiencia visual e 1 ten dificultade motriz.
- 2 alumnos na FPB: 1 ten TDAH e outro está diagnosticado con TDAH e TEL

Ademais temos, tanto en 1º (12 alumnos/as) como en 2º da ESO (5 alumnos/as), alumnado exento da 2ª lingua estranxeira (francés).

Este curso académico ademais temos tamén dous PDC (**Programa de Diversificación Curricular**) en 3º da ESO con 8 alumnos/as e outro en 4º da ESO con 10 alumnos/as.

En todos os cursos hai alumnos que precisan reforzo educativo, sendo os anteriores os casos máis destacables obxecto de atención á diversidade.

PROGRAMACIÓN

Este curso escolar, contamos coa atención específica de dúas mestras de Pedagogía Terapéutica a tempo completo.

A programación de Pedagogía Terapéutica (PT) para o curso 2023/24 parte da identificación das Necesidades Educativas Especiais (NEE) do alumnado do centro por parte da xefa do Departamento de Orientación e as mestras de Pedagogía Terapéutica. En base a ditas necesidades á aula de PT acoden, na actualidade alumnado de 1º, 2º da ESO.

Débase entender a FLEXIBILIDADE como unha característica básica e fundamental no horario de PT, suxeito sempre ás necesidades do alumnado que acode á aula e do alumnado do centro en xeral, co propósito de darlles unha resposta o máis axustada posible. Con esta finalidade quedan xustificadas os cambios que poidan darse durante o curso en relación a variabilidade do número de sesións ou altas e baixas de alumnos derivadas do desenvolvemento do seu proceso educativo.

ACTIVIDADES / ACTUACIÓN

- Colaborar cos equipos docentes no deseño e elaboración de protocolos para a realización da avaliación inicial do alumnado.
- Asistir, asesorar e dinamizar as sesións de avaliación (inicial, ordinarias e extraordinarias), colaborando coa dirección no establecemento dunhas pautas axeitadas para o desenvolvemento das sesións.
- Colaborar e asesorar no deseño e desenvolvemento das adaptacións curriculares da ESO.
- Realizar as avaliacións psicopedagóxicas que sexan necesarias e revisar e actualizar os informes do alumnado cando se considere oportuno, para axustar as propostas de apoio educativo a cada un, partindo sempre do seu potencial de aprendizaxe.

- Elevar a xefatura de estudos as propostas de horario de atención por parte das mestras especialistas en pedagogía terapéutica do alumnado con necesidade específica de apoio. Tendo sempre en conta, para iso, as necesidades educativas do noso alumnado.
- Participar na acollida do alumnado que se incorpore ao centro: recepción e información ao alumnado e ás súas familias, facilitando a súa integración, en colaboración cos departamentos de orientación dos CEIP adscritos. Tamén facilitar a acollida daquel alumnado que se puidera incorporar ao longo do curso.
- Participar na acollida do profesorado de novo ingreso no centro, informándoos das necesidades de apoio educativo que presenta o alumando.
- Colaborar na elaboración e/ou revisión do Programación Xeral Anual, no apartado de atención á diversidade.
- Analizar nas reunións de departamento os datos recollidos nas distintas avaliacións e asesorar e colaborar na toma de medidas necesarias para a mellora da marcha de cada grupo – clase cando sexa preciso.
- Asesorar á CCP sobre as medidas de atención á diversidade recollidas na lexislación vixente e elaborar o plan de atención á diversidade.
- Asesorar aos departamentos e ao profesorado en xeral nos procesos de axuste e desenvolvemento das concrecións curriculares, nas programacións e nas medidas de atención á diversidade.
- Seguimento, xunto co profesorado implicado, das medidas de atención á diversidade, proporcionando ao profesorado asesoramento e colaboración para dar a mellor resposta ás necesidades do alumnado.
- Proporcionar ás familias, cando sexa necesario, información específica e pautas de desenvolvemento no fogar, favorecendo a súa implicación na vida do centro e na educación dos seus fillos e fillas.
- Ao final de curso levar a cabo a avaliación xeral das medidas de atención á diversidade postas en marcha no centro e elevar á CCP as conclusións para a reflexión e posibles modificacións.

- Facilitar asesoramento á comunidade educativa sobre as diferentes medidas e recursos para a atención do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
- Asesorar nas sesións de avaliación sobre todo o relativo aos criterios de avaliación e promoción do alumnado seguindo a lexislación vixente.
- Realizar e analizar as conclusións da avaliación da nosa actuación como departamento de orientación na atención á diversidade no centro.
- Colaborar na proposta de alumnado para as posibles medidas de atención á diversidade para o próximo curso.
- Colaborar cos departamentos de orientación dos CEIP adscritos, na detección de dificultades de aprendizaxe, especialmente no caso do alumnado de novo ingreso neste centro e facilitando a transición entre a educación primaria e a educación secundaria.
- Colaborar cos servizos sociais e sanitarios na axeitada atención ao alumnado que presente dificultades.
- Ao rematar o curso realizar as avaliacións psicopedagóxicas necesarias e os informes para a incorporación do alumnado ao PDC ou, de ser o caso, a unha Formación Profesional Básica.
- Elaborar, conxuntamente coas mestras especialistas en PT a memoria do departamento de orientación referida a este ámbito

METODOLOXÍA

O Plan de Atención á Diversidade levarase a cabo ao longo de todo o curso e en distintos momentos. Sempre se terán en conta unha serie de principios básicos, como son:

- Intervención en dúas dimensión: individual e grupal.
- O/a titor/a debe coñecer o contorno familiar, social e escolar do/a alumno/a e aportar datos significativos na toma de decisións.

- Buscar actitudes positivas como a autenticidade, a aceptación dun mesmo e dos demais, a confianza, a empatía...
- Rexeitar actitudes negativas como son o autoritarismo, o dirixismo, o paternalismo...
- Atender e respectar a diversidade e as necesidades do alumnado.
- Buscar a participación e a colaboración das familias.
- Empregar unha metodoloxía aberta e revisable, que sexa atractiva e didáctica, adecuada a cada momento e situación.

AVALIACIÓN DO PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

O Plan de Atención á Diversidade que se recolle neste documento, é globalmente avaliable, así como en cada unha das súas propostas, para valorar tanto o seu grao de adecuación como medida de atención á diversidade o máis ordinario posible.

A avaliación deberá ser levada a cabo pola xefatura de estudos, coa colaboración dos titores/as e o apoio técnico do Departamento de Orientación. Tamén participarán en dita avaliación os propios alumnos/as, pois eles son os principais beneficiarios.

Os criterios para a avaliación do plan son os seguintes:

- axuste ás necesidades do centro,
- grao de consecución dos obxectivos previstos, atendendo tanto á eficacia como á eficiencia,
- utilidade das accións programadas,
- nivel de aplicabilidade do programado e necesidade ou non de recursos adicionais,
- implicación da comunidade educativa no deseño e desenvolvemento do plan.

Unha vez feita a valoración destes criterios elaboraranse as **propostas de mellora** para o curso seguinte, que se incluírá dentro de Plan Anual de Actuación do Departamento de Orientación.